

Convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e a Fundación Antonio Fraguas Fraguas, para a difusión, estudo e preservación da obra de Antonio Fraguas Fraguas

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O Secretario Xeral de Política Lingüística da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria **DECLARA:**

Que esta Secretaría Xeral de Política Lingüística formalizou coa Fundación Antonio Fraguas Fraguas, o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangueu dende a data da súa sinatura ata o 30 de novembro de 2017.

Que o instrumento convencional tivo por obxecto establecer as bases polas que se rexeu a colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, a través da Secretaría Xeral de Política Lingüística e a Fundación Antonio Fraguas Fraguas para colaborar nos labores de divulgación, estudo e preservación da súa obra. As partes colaboraron na realización dun programa de actuacións orientadas a promover a obra e a figura humana de Antonio Fraguas Fraguas, así como para darlle continuidade ao labor realizado por el nos distintos eidos da vida literaria, social e cultural galegas.

Que existiu converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se asinou fundamentouse no seguinte

De acordo co establecido no Estatuto de autonomía para Galicia e na Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística, é responsabilidade do Goberno galego levar a cabo as medidas que sexan necesarias para garantir o uso como lingua cooficial do idioma galego, polo que deberá adoptar as medidas oportunas para o seu fomento e estimular as manifestacións culturais feitas en galego.



As partes asinantes deste convenio manifestaron a súa vontade de colaborar na execución do Plan xeral de normalización da lingua galega que aprobou, por unanimidade, o Pleno da Cámara do Parlamento de Galicia, na súa sesión do día 21 de setembro de 2004, coa finalidade de divulgar e estender o uso do galego a todos os ámbitos da sociedade e tamén, de colaborar no desenvolvemento e implantación do Plan de dinamización da lingua galega no tecido económico aprobado polo Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do día 4 de agosto de 2016, que responde á necesidade de poñer en práctica medidas para o fomento do uso do idioma galego nos diferentes eidos sociais e económicos de Galicia, establecendo unha dinámica de participación con entidades, privadas e públicas, para apoialas e promover actividades que faciliten o emprego do galego no seu funcionamento ordinario e nas súas actuacións.

Que a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria considerou esencial apoiar iniciativas que respondan a obxectivos de interese social e que contribúan a sensibilizar e promover unha actitude positiva cara á lingua galega especialmente no ámbito en que desenvolve a súa actividade a Fundación Antonio Fraguas Fraguas que ten entre outras finalidades, a defensa, conservación, promoción e divulgación do legado material e intelectual, de Antonio Fraguas Fraguas, catedrático de Instituto, culto e activo escritor que publicou ao longo da súa vida máis de 350 traballos destinados e orientados ao coñecemento, difusión e desenvolvemento dos trazos e contidos da cultura galega.

Que pola singularidade do seu obxecto, que perseguíu unicamente obxectivos de utilidade pública, polas características das actividades que se desenvolveron ao abeiro do convenio e por ser a citada entidade a única destas características en Galicia, non resultou posible promover a concorrència pública para levar a cabo as actividades previstas no convenio.

Que os intereses converxentes das partes asinantes excluiron o ánimo de lucro, e non poderían satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector público, aprobado por



Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estimouse xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretendeu, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asíñase esta memoria, en Santiago de Compostela a 13 de febreiro de 2018.

